

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN E ELECCIÓN DE ALCALDE/SA COMO CONSECUENCIA DAS ELECCIÓNS LOCAIS CELEBRADAS O DÍA 26 MAIO DE 2019.

ACTA

Sesión Extraordinaria 9/2019 celebrada polo Pleno do Concello o día 15 de xuño de 2019.

ORDE DO DÍA:

1. FORMACIÓN DA MESA DE IDADE E APERTURA DA SESIÓN POLA PRESIDENCIA.
2. COMPROBACIÓN DAS CREDENCIAIS DOS/DAS CONCELEIROS/AS POLA MESA DE IDADE.
3. XURAMENTO OU PROMESA DOS CONCELEIROS/AS ELECTOS/AS E CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN.
4. ELECCIÓN DO ALCALDE/SA, PROCLAMACIÓN E TOMA DE POSESIÓN.
5. ACTA DE ARQUEO E INVENTARIO DO PATRIMONIO.

No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por Resolución da Alcaldía núm. 2019-1707 de 12 de xuño de 2019, e sendo as once horas do 15 de xuño de 2019, para dar cumprimento ao disposto nos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral (LOREX), e nos artigos artigos 36 e 37 do regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, referentes á constitución das Corporacións Locais, e á Eleccións Locais celebradas o día vinte e seis de maio de dous mil dezanove, que son pola orde da súa proclamación, os seguintes:

Polo Partido Popular PP

D. JAVIER BAS CORUGEIRA
DONA MARÍA CARMEN BASTOS RODRÍGUEZ
DONA MARÍA CARMEN AMOEDO DASILVA
DONA NOEMÍ SALOMÓN SAAVEDRA
D. IVÁN CRESPO RODRÍGUEZ
DONA MARÍA JOSÉ BARCIELA BARROS



D. MIGUEL ÁNGEL ÁLVAREZ BALLESTEROS
D. JULIO CÉSAR MOUGÁN VÁZQUEZ
DONA MARÍA SANDRA BASTOS MÍGUEZ

Polo Partido dos Socialistas de Galicia (PSdeG-PSOE)

DONA. DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ
D. LEONARDO CABALEIRO COUÑAGO
DONA. MARÍA CASTRO ABAD
D. IGNACIO EDUARDO GONZÁLEZ LAGO
DONA. MARTA ALONSO DOMÍNGUEZ
D. VICENTE LAMAS GUISANDE
DONA. OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS

Pola Agrupación de Electores de Redondela 2019 (AER)

DONA. SUSANA COUÑAGO ANDRÉS
D. ROBERTO VILLAR RODRÍGUEZ
D. DANIEL BOULLOSA MARTÍNEZ

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG)

D. XOAN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO
DONA YÉSICA GARCÍA CRUZ

Asiste o interventor do Concello, Angel Santamariña Rivera e actuando como secretaria, a secretaria accidental, Paloma Meno Rodríguez.

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.

SECRETARIA XERAL ACCIDENTAL: Bos días, quero dar a benvinda ao público hoxe asistente e a todos os concelleiros e concelleiras electas presentes. Como vostedes coñecen o obxecto da sesión de hoxe é a constitución da corporación xurdida tralas eleccións municipais do pasado domingo día 26 de maio. Así mesmo, elixirase ao alcalde ou alcaldesa. Para o cal, é preciso cumprimentar diversos trámites legais e regulamentarios, como así dispoñe o artigo 195 da Lei orgánica do réxime electoral local.

Para isto farase unha síntese, que corresponden cos distintos puntos da orde do día, en primeiro lugar constituirase a Mesa de Idade que estará integrada



pola concelleira de maior idade, que actuará como presidenta e a concelleira de menor idade que actuará como vogal, que serán asistidas por min a secretaria accidental do concello.

A continuación, unha vez constatado a existencia de quorum suficiente, darase por aberta a sesión e a Mesa cotexará as credencias entregadas na Secretaría Xeral do Concello polos concelleiros e concelleiras electas, coa acta de proclamación de data 4 de xuño remitida tamén a Secretaría Xeral pola Xunta Electoral de Zona. Na que se proclaman electos os 21 concelleiros e concelleiras aquí presentes, dos cales 9 son do Partido Popular (PP) que obtivo 6.029 votos; 7 do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE) que obtivo 5.256 votos; 3 da Agrupación de Electores de Redondela 2019 (AER) que obtivo 2.164 votos e 2 do Bloque Nacionalista Galego (BNG) que obtivo 1.325 votos.

Seguidamente os concelleiros e concelleiras electas xurarán ou prometerán o seu cargo ante a Constitución, de acordo coa fórmula legalmente establecida, tomando posesión do seu cargo.

Logo procederá a elección do alcalde ou alcaldesa, cuxo procedemento se informará no punto da orde de día. Concluída a votación, o Alcalde ou Alcaldesa xurará ou prometerá o seu cargo ante a Constitución, de acordo coa fórmula legalmente prevista. Tomará posesión do seu cargo dende ese momento e pasará a presidir a sesión, e daráselle o bastón de mando.

Deseguido pasaremos a tratar o primeiro punto da orde do día.

1. FORMACIÓN DA MESA DE IDADE E APERTURA DA SESIÓN POLA PRESIDENCIA.

SECRETARIA XERAL ACCIDENTAL: Procede a constitución da Mesa de Idade. Para isto convido a que se incorporen á Mesa:

A concelleira electa de máis idade: DONA MARÍA CARMEN BASTOS RODRÍGUEZ, que actuará como presidenta.

A concelleira electa de menos idade: DONA YÉSICA GARCÍA CRUZ, que actuará como vogal.

SRA. PRESIDENTA DA MESA DE IDADE: Bos días, miñas primeira palabras serán para dar a benvinda aos 21 concelleiros e concelleiras electas, que formamos a nova Corporación municipal da Concello de Redondela.

O número de concelleiros e concelleiras electas asistentes á sesión é de 21, que coincide co número legal de membros da Corporación, se constata pola tanto a existencia de quórum, suficiente para realizar a sesión constitutiva. Neste momento, declárase aberta a sesión para a constitución da Corporación do Concello de Redondela.

2. COMPROBACIÓN DAS CREDENCIAIS DOS CONCELEIROS E CONCELEIRAS POLA MESA DE IDADE

SECRETARIA XERAL ACCIDENTAL: Poño a disposición dos membros da mesa de idade a carpeta cos orixinais das credencias e acta de proclamación da Xunta Electoral da Zona. No expediente da sesión constan as credenciais dos 21 concelleiros e concelleiras electas, que se corresponden coa acta de proclamación remitida ao Concello pola Xunta Electoral de Zona.

Faise constar que tódolos concelleiros e concelleiras electas presentaron a súa credencial, expedida pola Xunta Electoral de Zona, e realizaron a correspondente Declaración de Bens de Intereses e Incompatibilidades ante a Secretaría do Concello.

3. XURAMENTO OU PROMESA DOS CONCELEIROS E CONCELEIRAS ELECTAS E CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN.

SRA. PRESIDENTA DA MESA DE IDADE: Tras constatar o cumprimento das obrigas legais, deseguido procederase a formulación do xuramento ou promesa do cargo. Cada concelleiro e concelleira electa pronunciará a fórmula ante o exemplar da Constitución, segundo vaian sendo nomeados pola secretaria de mesa.

“XURO (ou PROMETO) POLA MIÑA CONCIENCIA E HONRA, CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELEIRO/A DO CONCELLO DE REDONDELA, CON LEALDADE A EL-REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO.”

SECRETARIA XERAL ACCIDENTAL: Por razóns formais serán os membros da Mesa de Idade as primeiras en cumprir este requisito, a continuación seguirase polos concelleiros e concelleiras que integran dende a lista máis votada a menos, pola orde da súa situación nela.

Chámase a cada un dos concelleiros e concelleiras pola seguinte orde:



DONA MARÍA CARMEN BASTOS RODRÍGUEZ: Presidenta, concelleira maior idade

“PROMETO POLA MIÑA CONCIENCIA E HONRA, CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELEIRA DO CONCELLO DE REDONDELA, CON LEALDADE A EL-REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO.”

DONA YÉSICA GARCÍA CRUZ: Vogal, concelleira menor idade

“ATA QUE GALIZA SE CONSTITÚA EN REPÚBLICA POPULAR E FEMINISTA, POR IMPERATIVO LEGAL, PROMETO POLA MIÑA CONCIENCIA E HONRA, CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELEIRA DO CONCELLO DE REDONDELA, CON LEALDADE A EL-REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO.”

D. JAVIER BAS CORUGEIRA:

“PROMETO POLA MIÑA CONCIENCIA E HONRA, CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELEIRO DO CONCELLO DE REDONDELA, CON LEALDADE A EL-REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO.”

DONA MARÍA CARMEN AMOEDO DASILVA:

“XURO POLA MIÑA CONCIENCIA E HONRA, CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELEIRA DO CONCELLO DE REDONDELA, CON LEALDADE A EL-REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO E CON LEALDADE A REDONDELA.”

DONA NOEMÍ SALOMÓN SAAVEDRA:

“PROMETO POLA MIÑA CONCIENCIA E HONRA, CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELEIRA DO CONCELLO DE REDONDELA, CON LEALDADE A EL-REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO.”



D. IVÁN CRESPO RODRÍGUEZ:

“XURO POLA MIÑA CONCIENCIA E HONRA, CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELLEIRO DO CONCELLO DE REDONDELA, CON LEALDADE A EL-REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO.”

DONA MARÍA JOSÉ BARCIELA BARROS:

“XURO POLA MIÑA CONCIENCIA E HONRA, CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELLEIRA DO CONCELLO DE REDONDELA, CON LEALDADE A EL-REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO.”

D. MIGUEL ÁNGEL ÁLVAREZ BALLESTEROS:

“PROMETO POLA MIÑA CONCIENCIA E HONRA, CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELLEIRO DO CONCELLO DE REDONDELA, CON LEALDADE A EL-REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO.”

D. JULIO CÉSAR MOUGÁN VÁZQUEZ:

“PROMETO POLA MIÑA CONCIENCIA E HONRA, CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELLEIRO DO CONCELLO DE REDONDELA, CON LEALDADE A EL-REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO NA NOSA REDONDELA.”

DONA MARÍA SANDRA BASTOS MÍGUEZ:

“PROMETO POLA MIÑA CONCIENCIA E HONRA, CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELLEIRA DO CONCELLO DE REDONDELA, CON LEALDADE A EL-REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO.”

DONA. DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ:

“PROMETO POLA MIÑA CONCIENCIA E HONRA, CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELLEIRA DO CONCELLO DE REDONDELA, CON LEALDADE A EL-REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO.”



CONCELLO DE REDONDELA

D. LEONARDO CABALEIRO COUÑAGO:

“PROMETO POLA MIÑA CONCIENCIA E HONRA, CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELLEIRO DO CONCELLO DE REDONDELA, CON LEALDADE A EL-REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO.”

DONA. MARÍA CASTRO ABAD:

“PROMETO POLA MIÑA CONCIENCIA E HONRA, CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELLEIRA DO CONCELLO DE REDONDELA, CON LEALDADE A EL-REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO.”

D. IGNACIO EDUARDO GONZÁLEZ LAGO:

“PROMETO POLA MIÑA CONCIENCIA E HONRA, CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELLEIRO DO CONCELLO DE REDONDELA, CON LEALDADE A EL-REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO.”

DONA. MARTA ALONSO DOMÍNGUEZ:

“PROMETO POLA MIÑA CONCIENCIA E HONRA, CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELLEIRA DO CONCELLO DE REDONDELA, CON LEALDADE A EL-REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO.”

D. VICENTE LAMAS GUISANDE:

“PROMETO POLA MIÑA CONCIENCIA E HONRA, CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELLEIRO DO CONCELLO DE REDONDELA, CON LEALDADE A EL-REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO.”

DONA. OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS:

“PROMETO POLA MIÑA CONCIENCIA E HONRA, CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELLEIRA DO CONCELLO DE REDONDELA, CON LEALDADE A EL-REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO.”



DONA. SUSANA COUÑAGO ANDRÉS:

“A MIÑA LEALDADE PARA A VECIÑANZA DE REDONDELA E AOS PRINCIPIOS DE IGUALDADE, LIBERDADE, XUSTIZA E EQUIDADE, POR IMPERATIVO LEGAL, PROMETO CUMPRIR COAS OBRIGAS DE CARGO DE CONCELLEIRA DO CONCELLO DE REDONDELA E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN.”

D. ROBERTO VILLAR RODRÍGUEZ:

“BOS DÍAS, ANTE TODO LEALDADE AO POBO DE REDONDELA, PROMETO POR IMPERATIVO LEGAL GARDAR E FACER GARDAR ESTA CONSTITUCIÓN MODIFICADA POLO BIPARTIDISMO PARA SALVAR OS INTERESES ECONÓMICOS HASTA QUE POIDA VOTAR OUTRA MÁIS XUSTA PARA AS PERSOAS, NON PODEMOS LAMENTAR O PASADO NIN TEMER O FUTURO, O ÚNICO QUE TEMOS QUE FACER É SER HONESTOS CON NOSOTROS MESMOS, SOMOS O ESPÍRITU CEIBE DO 15M, QUE AINDA LATE EN NOS, ESPÍRITU INCORROMPIDO, SEN CONTROL PARTIDISTA , NON TEMOS NECESIDADE DUN LÍDER, DE ALGUÉN SUPERIOR QUE NOS GUÍE, SOMOS DISTINTOS E DISTINTAS, SOMOS MILMANOS HACIENDO UN TÚNEL DESDE LAS MINAS ATA AS NUBES, SOMOS CIZALLAS CONTRA EL CANDADO, FINAL DE UN CUENTO NUNCA ACABADO, SOMOS LA FUERZA DE LA ESTAMPIDA, SOMOS EL MUNDO PATAS ARRIBA, SOMOS LOS HIJOS DE UNOS POCOS, LOCOS, QUE NO DEJARON LA SALIDA, SOMOS EL CABALLO DE TROYA QUE ENTRÓ EN SUS CASTILLOS.”

D. DANIEL BOULLOSA MARTÍNEZ:

“PROMETO POLA MIÑA CONCIENCIA E HONRA, CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO CON LEALDADE AO POBO, GARDAR E DEFENDER A CONSTITUCIÓN ATA QUE POIDA VOTAR OUTRA. E DEFENDER Á VECIÑANZA APLICANDO OS PRINCIPIOS DE IGUALDADE E XUSTIZA SOCIAL.”

D. XOAN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO:

“ATA QUE GALIZA SE CONSTITÚA EN REPÚBLICA POPULAR E FEMINISTA, POR IMPERATIVO LEGAL, PROMETO POLA MIÑA CONCIENCIA E HONRA, CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELLEIRO DO CONCELLO DE REDONDELA, CON LEALDADE A EL-REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO.”



CONCELLO DE REDONDELA

SRA. PRESIDENTA DA MESA DE IDADE: Logo de prometer ou xurar os seus cargos as señoras e señores concelleiros, declaro formalmente constituída a nova Corporación municipal do Concello de Redondela, de acordo coas eleccións municipais de 26 de maio. A continuación procederemos a elixir ó Alcalde ou Alcaldesa. Para estes efectos a Secretaria Xeral Accidental explicará a fórmula pola que se procederá.

4. ELECCIÓN DE ALCALDE, PROCLAMACIÓN E TOMA DE POSESIÓN.

SECRETARIA XERAL ACCIDENTAL: De acordo co artigo 196 da Lei orgánica de réxime electoral xeral.

Na mesma sesión de constitución da corporación procédese á elección do Alcalde ou Alcaldesa de acordo co seguinte procedemento:

Poden ser candidatos todos os concelleiros e concelleiras que encabecen as súas correspondentes listas.

Se algún deles obtivera a maioría absoluta de votos dos concelleiros e concelleiras, é proclamado electo. (No caso do Concello de Redondela, un mínimo de 11 votos, ao estar os 21 concelleiros/as presentes)

Se ningún destes obtén a dita maioría é proclamado Alcalde ou Alcaldesa o concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no municipio.

Proclamación de candidatos a Alcalde ou alcaldesa.

Encabezan as correspondentes listas e, polo tanto, poden proclamarse como candidatos e candidatas á Alcaldía os seguintes concelleiros e concelleiras:

D. JAVIER BAS CORUJEIRA, polo Partido Popular.

DONA. DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ, polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE.

DONA. SUSANA COUÑAGO ANDRÉS, pola Agrupación de Electores de Redondela 2019.

D. XOSÉ CARLOS GONZÁLEZ CAMPO, polo Bloque Nacionalista Galego.

SRA. PRESIDENTA DA MESA DE IDADE:

D. JAVIER BAS CORUJEIRA, polo Partido Popular, presenta a súa candidatura á alcaldía?



CONCELLO DE REDONDELA

D. JAVIER BAS CORUJEIRA, resposta Sí.

DONA. DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ, polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, presenta a súa candidatura á alcaldía?

DONA. DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ, resposta Sí.

DONA. SUSANA COUÑAGO ANDRÉS, pola Agrupación de Electores de Redondela 2019, presenta a súa candidatura á alcaldía?

DONA. SUSANA COUÑAGO ANDRÉS, resposta Non.

D. XOSÉ CARLOS GONZÁLEZ CAMPO, polo Bloque Nacionalista Galego, presenta a súa candidatura á alcaldía?

D. XOSÉ CARLOS GONZÁLEZ CAMPO, resposta Non.

Proclámanse como candidatos á alcaldía:

D. JAVIER BAS CORUJEIRA, polo Partido Popular.

DONA. DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ, polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE.

SECRETARIA XERAL ACCIDENTAL: A continuación, vaise a proceder á votación. O sistema normal de adopción de acordos nos concellos, e no Concello de Redondela, é a votación ordinaria que se manifesta a man alzada. Non obstante se se quere elixir alcalde ou alcaldesa mediante os sistemas de votación, xa sexa nominal ou secreta, iso requirirá a solicitude dese sistema por algún concelleiro ou concelleira. Esa solicitude, en caso de ser formulada, deberá ser aprobada por este Pleno en votación ordinaria por maioría

Polo tanto, algún concelleiro ou concelleira pide votación nominal ou secreta para a elección de alcalde ou alcaldesa?

Ao non haber ningunha petición de votación nominal ou secreta, o sistema de votación para a elección de alcalde ou alcaldesa será o habitual, ordinario a man alzada.

SRA. PRESIDENTA DA MESA DE IDADE: Comezaremos a votación de maior a menor número de votos obtidos polos partidos.

SRA. PRESIDENTA DA MESA DE IDADE: Votos a favor do concelleiro D. JAVIER BAS CORUJEIRA?



VOTACIÓN: (9) votos.

Votos a favor da concelleira DONA. DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ?

VOTACIÓN: (12) votos.

SECRETARIA XERAL ACCIDENTAL: Dos votos emitidos dáse o seguinte resultado, votos a favor do concelleiro D. JAVIER BAS CORUGEIRA: 9; votos a favor da concelleira DONA. DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ: 12.

4.1 PROCLAMACIÓN E TOMA DE POSESIÓN

Despois da votación.

Proclámase Alcalde/Alcaldesa ao que obteña, cando menos, 11 votos, ou, no caso de non obtelos, ao cabeza da lista máis votada.

SRA. PRESIDENTA DA MESA DE IDADE: Queda proclamada Alcaldesa do Concello de Redondela, DONA. DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ, do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE), por obter maioría absoluta.

SECRETARIA XERAL ACCIDENTAL: A Alcaldesa electa debe prometer ou xurar o cargo para o que ten sido elixida. Entregaralle o bastón de mando o alcalde saínte, D. Javier Bas Corugeira. Deseguido, pasará a presidir a sesión e se o desexa, dirixe unhas verbas.

SRA. ALCALDESA: DONA. DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ

“PROMETO POLA MIÑA CONCIENCIA E HONRA CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE ALCALDESA DO CONCELLO DE REDONDELA CON LEALDADE A EL-REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO”.

O alcalde saínte, D. Javier Bas Corugeira, entrégalle o bastón de mando, e a Alcaldesa pasa a presidir a sesión e dirixe unhas verbas, primeiro o alcalde saínte e logo alcaldesa:

D. JAVIER BAS CORUJEIRA:

“Hai 8 anos tiven a honra de ser investido como alcalde da nosa Vila. Foi unha honra, pero tamén unha gran responsabilidade de ter que representar e defender con éxito os intereses das veciñas e veciños de Redondela. Durante estes dous mandatos, os veciños sempre foron para min unha prioridade. Tratei



de ser o alcalde de todos, independentemente de ideoloxías, e desenvolvín estes anos de servizo público con gran dedicación e lealdade na procura de conseguir ese compromiso adquirido.

Creo que estou en disposición de poder afirmar que deixo unha Redondela moito mellor que a Redondela que eu recibín.

E por iso, agradezo o traballo do magnífico equipo de concelleiros que me acompañaron no goberno nestes 8 anos e que deron un gran exemplo de como debe desempeñarse un servizo público e a súa responsabilidade. Non lle chegaban as horas do día para tratar de resolver os problemas dos veciños, asunto que foi sempre a súa gran prioridade.

Agradezo tamén as achegas dos grupos de oposición cos que sempre tratei de ter un diálogo en clave Redondela deixando de lado as diferenzas ideolóxicas.

Pero sobre todo, quero agradecer a confianza que os veciños de Redondela depositaron en min dándome o seu apoio ao converterme en gañador das eleccións municipais por terceira vez consecutiva. As municipais, son eleccións nas que se valora en maior medida ás persoas que se presentan, e gañar tres veces estas eleccións cunha ampla maioría é moi importante e significa moito para min.

Moitas grazas veciños pola vosa confianza.

E agora ábrese un novo período no que deixo de ser Alcalde e no que a Sra. Rivas asume as responsabilidades de goberno como nova Alcaldesa. A ela e ao seu equipo de goberno deséxolles que teñan acerto nas súas decisións a hora de representar e de defender os intereses dos nosos veciños.

E por suposto, ofrézolles a miña colaboración no que poidan precisar para a consecución dese obxectivo xa que seguirei sempre servindo e defendendo a Redondela con lealdade e responsabilidade no lugar que me corresponda ocupar porque para min, como xa sabedes, Ante Todo Redondela. Moitas Gracias.”

DONA. DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ:

“Veciños e veciñas, compañeiros e compañeiras de Corporación quero, nestas primeiras palabras como alcaldesa de Redondela, dar as grazas a toda a veciñanza que, co seu apoio, dicíanos que un cambio era posible e que era posible comezar a construír un goberno que fixera da igualdade, a equidade, a xustiza social e a participación cidadá, sinais de identidade.

Quero tamén dar as grazas tanto á Agrupación de Electores de Redondela como ao Bloque Nacionalista Galego polo seu apoio e por ser quen de saber



interpretar, tralas eleccións, o mandato da cidadanía que demandaba, para o seu concello, un goberno de progreso.

Iniciamos hoxe o camiño para construír unha Redondela onde a veciñanza, onde todas e todos vos, non sexades simples espectadores aos que se acude cada catro anos na procura do voto, senón que teñades participación activa no Goberno do voso municipio, que teñades voz no Concello e que teñades tamén a certeza de que esa voz será escoitada.

Comprométome aquí e agora, a ser unha alcaldesa para todas e todos, sen distincións, sen teus nin meus, sen pedir carnés nin afiliacións políticas porque, todos e todas formamos parte de Redondela cos mesmos dereitos e coas mesmas obrigas.

Abriremos as portas deste concello, sairemos dos despachos e estaremos na rúa e nas parroquias, que é onde temos que estar os políticos, os e as representantes da soberanía popular. Abriremos as portas do Concello para que corra o aire.

O camiño que hoxe iniciamos non é, nin pode ser, a labor dun goberno en solitario, senón que ten que ser, debe ser, un traballo de todo o conxunto da cidadanía. Un concello non pode vivir de costas á veciñanza porque un Goberno que descoñece os problemas dos seus veciños e veciñas, dificilmente lles pode dar solución.

A nosa xestión rexerese pola transparencia, a responsabilidade, a honestidade a honradez e a decencia. Nós, eu e o Goberno seremos un exemplo. Queremos unha administración limpa, onde haxa transparencia sobre todas as actuacións que desenvolvamos.

Un dos eixos fundamentais do noso Goberno vai ser a política de igualdade. As mulleres somos un 52% da poboación. Sen elas, sen nós, sen as mulleres non se pode falar dunha sociedade xusta, decente e con futuro.

A igualdade vai ser o eixo central que se vai visibilizar en todas as áreas do Goberno, cada unha delas terá unha mirada lila. Quero que Redondela convertase nun referente de igualdade.



Vou loitar contra as violencias machistas, vou desenvolver programas para loitar contra esta lacra social e traballarei para visibilizar ás mulleres, o que aportaron, o que aportan e o que seguirán aportando.

As mulleres, as veciñas de Redondela terán en min un apoio total e absoluto porque a Igualdade o principio básico da sociedade.

Queremos tenderlle a man á oposición. Creemos no diálogo e na cooperación, sempre que sexa para achegar ideas ou proxectos que respondan ás demandas da cidadanía.

Novos tempos precisan de novas formas, de novos modos. Seremos un Goberno aberto, con capacidade para escoitar e atender as vosas propostas e demandas.

Di textualmente o título preliminar da nosa constitución que “a soberanía reside no pobo do que emanan os poderes do estado” iso é precisamente o que reclamamos para Redondela, que sexa a veciñanza, que sexades vos, veciñas e veciños, os que teñades unha participación activa no Goberno e que sexades consultados en temas de especial transcendencia.

Para min é unha honra presidir este concello. Traballarei arreo para que, todos e todas os que hoxe me designastes teñades a seguridade de non vos equivocades.

Xa para rematar, quero agradecer a presenza de todos e todas as que hoxe nos acompañades neste acto. Grazas.

Quero saudar á miña familia e á de todas e todos os concelleiros e concelleiras que hoxe estades aquí.

Quero facerlles un recoñecemento especial ao meu marido, á miña filla e a miña nai, que estiveron, están e estarán sempre ao meu lado.

Recollo este bastón de mando coa humildade de quen sabe que é un servidor público e que nas súas mans ten moitos soños, moitos desexos e moitas esperanzas dos e das que nos elixen. Comprométome a traballar con ilusión e



a esforzarme por responder á confianza depositada en nós, en min e no Goberno que se vai conformar.

Que neste concello, a partir de hoxe, entre a xente e con ela o aire novo.

Grazas e emprendamos este camiño xuntos.”

5. ACTA DE ARQUEO E INVENTARIO DO PATRIMONIO

SECRETARIA XERAL ACCTAL: Dáse conta da acta de arqueo, co informe conxunto da tesoureira e do interventor xeral do concello, o estado final de existencia á data 13 de xuño de 2019 é de 4.155.007,68 €.

Para os efectos previstos no artigo 36 do Real decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais faise constar que adxudicouse o contrato e que se atopa en tramitación a rectificación do inventario do patrimonio da Corporación.

SRA. ALCALDESA: Cumpridos todos os trámites, levántase e dáse por rematada a sesión, ás once horas e trinta e nove minutos.